

X.- O BALANCE DA GUERRA

A Primeira Guerra Mundial trouxo consigo importantes transformacións nos sistemas políticos e na organización económica e social dos Estados que participaron no conflito, e tamén daqueles que permaneceron neutrais. En realidade non sería ningún erro afirmar que a guerra de 1914 a 1918 supuxo realmente o paso do século XIX ao século XX.

► **No aspecto político** a guerra provocou a **desaparición dos Imperios históricos de carácter autoritario** (alemán, austro-húngaro, ruso e turco). A cambio xeneralizáronse os **réximes democráticos**: Alemaña e Austria convertéronse en repúblicas cunha constitución democrática, e os países de nova creación adoptaron sistemas igualmente democráticos (Iugoslavia, Checoslovaquia, Polonia, Finlandia, Hungría...), aínda que estas novas democracias foron moitas veces réximes políticos débiles e inestables. Nos vellos Estados liberais do occidente europeo (Gran Bretaña, Francia, Bélxica...) producíronse, ao remate da contienda, importantes avances no camiño da democratización política: a maioría dos países adoptaron o **sufraxio universal masculino** e algúns concedéronlles o **voto ás mulleres** en atención ao seu traballo na guerra.



A abdicación do Kaiser Guillermo II e o fin da guerra desembocaron na creación da República de Weimar (denominada así pola localidade onde se fundou). Durou uns 15 anos, que transcorreron na súa maior parte baixo constantes tensións económicas, sociais e políticas.

Sen embargo a guerra foi igualmente a orixe dalgúns dos factores que provocarían a crise das democracias anos máis tarde. Entre estes factores cabe destacar a **aparición do réxime comunista en Rusia e a formación dos primeiros movementos de carácter autoritario** -os coñecidos xenéricamente co nome de *fascismos*-.

Finalmente é preciso destacar que a guerra supuxo o **debilitamento do Imperialismo**, xurdindo nas colonias os primeiros movementos de **descolonización**.

► **No aspecto económico** os países europeos víronse na obriga de facer un importante esforzo para afrontar os gastos da guerra, por este motivo, **os Estados intensificaron a súa intervención na economía**, co fin de garantir o abastecemento da poboación e a subministración das tropas. Impúxose unha **economía de guerra**: suspendeuse a liberdade de produción e comercio, era o Estado o que tomaba as decisións sobre a produción, en lugar de facelo as empresas ou os cidadáns. Racionáronse os alimentos e as fábricas debían funcionar con toda a súa capacidade na fabricación de armamento, municións e avituallamento para os exércitos. Para elo utilizouse masivamente o traballo de mulleres e homes en idade non militar, e alargáronse as xornadas. Calquera queixa ou falta de rendemento considerábase unha traizón.



A guerra supuxo a perda definitiva da hexemonía europea. O **conflito empobreceu aos países belixerantes e causou grandes perdas materiais en campos de cultivo, industrias, transportes e edificios**. O potencial industrial de Europa reduciuse un 40%, e o agrícola, un 30%. Estas destrucións foron a orixe nos países europeos dunha **crise de subproducción** (descenso na produción por debaixo das necesidades dos consumidores) que pronto estivo acompañada pola correspondente **inflación** (subida dos prezos, escandalosa nalgúns países como, por exemplo, Alemaña).

O **gasto bélico financiou** en parte acudindo ás reservas de ouro e ao endebedamento mediante a emisión de débeda pública, complementado co recurso a préstamos exteriores, especialmente de orixe estadounidense.

A guerra **supuxo a perda do protagonismo económico de Europa no contexto mundial**, mentres outras potencias extraeuropeas como Xapón, e sobre todo Estados Unidos, se convertían en líderes mundiais das actividades industrias, comerciais e financeiras.




Cartel francés demandando a entrega de ouro dos particulares para poder facer fronte aos gastos da guerra.



► **No aspecto social** habería que empezar suliñando **a importante caída da poboación**, tanto combatente como civil. A Primeira Guerra Mundial foi a máis sanguenta ata aquel momento. Nela morreron preto de 9 millóns de persoas e uns 20 millóns resultaron feridas ou mutiladas. Ademais das mortes hai que ter en conta o descenso da natalidade como consecuencia da ausencia da poboación masculina durante os anos do conflito.


As mulleres pasaron a ter un papel máis activo na sociedade. O forte descenso da poboación activa masculina obrigou a reempresar o seu traballo no campo, nas fábricas, nos hospitais, nos transportes... por man de obra feminina. Este novo papel social da muller influiría decisivamente na consecución do seu **dereito a votar** e participar activamente na vida pública.



Aínda que a guerra supuxo o **enriquecemento para algúns** grupos adicados á especulación con artigos necesarios para o conflito, **a meirande parte da poboación víuse tremendamente prexudicada pola crise económica** desenvolvida como consecuencia da guerra:

- As clases medias de funcionarios, pequenos propietarios e empregados, dependentes dunhas rendas ou salarios e moi prexudicados pola inflación, así como grupos de excombatentes desarraigados e outros damnificados pola contenda, tenderon a unirse a opcións políticas antidemocráticas (fascismos) porque consideraban que era o sistema democrático o culpable dos seus males.
- Nos anos posteriores á guerra producíronse en Europa axitacións revolucionarias entre as clases obreiras e campesiñas. Nelas xuntábanse o descontento social (desemprego, inflación...) e o desexo de imitar o exemplo da Revolución comunista rusa. Estes movementos espertaron grandes temores entre a burguesía e as clases medias e foron duramente reprimidos polos gobernos.


? 21.- Realiza un **esquema** das **consecuencias** da Primeira Guerra Mundial.



Cartel de propaganda bolxevique alentando á revolución socialista internacional.

X.- O BALANCE DA GUERRA

21.- Realiza un **esquema** das **consecuencias** da Primeira Guerra Mundial.



O novo armamento utilizado na guerra, ademais de ser máis mortífero, provocaba unha enorme cantidade de feridos, especialmente pola metralla e os bombardeos. Establecéronse hospitais de campaña e neles empezaron a ser habituais non só os médicos, senón tamén as enfermeiras.

Nesta guerra estivo presente a Cruz Vermella, que atendía a feridos e prisioneiros sen distinción de bandos.



14
18

Una guerra devastadora


70 millones de soldados movilizados

10 millones de muertos

20 millones de heridos

Soldados muertos*
(en millares)

- Potencias aliadas
- Imperios centrales




Pandemia de gripe española
de 20 a 40 millones de muertos

HISTORIA MUNDIAL

Consecuencias Primera Guerra Mundial



1914-1918



? 22.- Responde ás **cuestións** relacionadas co texto



“Art. 100. Alemaña renuncia, a favor das principais potencias aliadas e asociadas, a todos os dereitos sobre a cidade de Dantzig e o seu territorio (...)

Art. 168. A fabricación de armas, municións e material de guerra (...) non se poderá efectuar máis que naquelas fábricas con emprazamento coñecido e aprobado polos Gobiernos das principais potencias aliadas (...)

Art. 173. Todo servizo militar obrigatorio será abolido en Alemaña (...)

Art. 231. Os Gobiernos aliados declaran e Alemaña recoñece, que Alemaña e os seus aliados son responsables, por seren os causantes, de todas as perdas e de todos os danos sufridos polos gobernos aliados e asociados e as súas nacións como consecuencia da Guerra, que lles foi imposta pola agresión de Alemaña e dos seus aliados”.

TRATADO DE PAZ ASINADO NO ANO 1919

a) Que **Tratado de paz** está recollido parcialmente neste texto? Quen son os **“Gobiernos aliados”**?

b) En que **Conferencia** se asinaron este e outros Tratados semellantes? Cal era o **obxectivo** desta Conferencia?

c) **Localiza** no texto e indica as **disposicións** ou **acordos** establecidos por este e outros Tratados de paz que figuren no documento.

d) Cal pensas que puido ser o **efecto** provocado en Alemaña por este Tratado de paz? **Explica**o.



LA PRIMERA GUERRA MUNDIAL

